Más adelante, en el capítulo III, se detiene en comentar los elementos y estructura que una comunidad cristiana recientemente evangelizada ha de tener para ser considerada Iglesia propiamente dicha. En primer lugar, dice, debe estar provista de sacerdotes nativos, de religiosos y seglares, y dotada de los ministerios e instituciones necesarios para vivir y dilatar la vida del pueblo de Dios bajo la guía de un Obispo propio. Siempre en comunión con la Iglesia Universal.

El Decreto habla de los “misioneros” (capítulo VI), en el sentido más estricto. De esos a los que el Señor ha elegido dentro de la Iglesia con una vocación peculiar para enviarlos a predicar el Evangelio por todo el mundo: sacerdotes, religiosos y laicos.

El capítulo V presenta la estructura de la actividad misionera de la Iglesia. Toda la actividad se coordina desde la Santa Sede, y pasando por las Conferencias Episcopales, hasta llegar a las Iglesias particulares.

El capítulo VI es precioso. Comienza hablando del deber misionero de todo el pueblo de Dios. Después, del deber misionero de las comunidades cristianas: diócesis y parroquias. Luego, del deber misionero de los obispos, sacerdotes, religiosos y laicos.

A los sacerdotes les dice: “enseñen a los fieles a orar por las misiones, y no se avergüencen de pedirles limosna, hechos mendigos por Cristo y por la salvación de las almas”.

La conclusión, muy breve, es para saludar y animar a todos los “heraldos del Evangelio”, poner su trabajo en las manos de Dios y de la Virgen, y declarar aprobado este Decreto conciliar.



# "A beleza feriume para sempre" (1) O home Díaz Castro

Félix Villares Mouteira



Xosé María Díaz Castro nace no barrio de O Vilarinho, na parroquia de San Vicente de Os Vilares, no Concello de Guitiriz, o dezanove de febreiro de 1914. Na súa parroquia nativa aprende as primeiras letras co mestre Manuel Cordeiro. En 1929 ingresa no Seminario de Mondoñedo onde cursa, con gran aproveitamento, tres anos de Latín e Humanidades, tres anos de Filosofía e dous de Teoloxía. En 1936 deixa o Seminario para incorporarse ó exercito, sendo alistado en Sanidade Militar na Coruña. Estivo na fronte en Asturias nun posto de socorro, acabando no Hospital Provincial de Pontevedra onde estivo dous anos e medio. En 1939, unha vez rematada a guerra, estará aínda uns meses no Seminario, que abandonará definitivamente ó redor do Nadal dese ano.

Estando no Seminario publica os seus primeiros versos e, segundo me manifestou, dirixe unha revista escolar manuscrita:

"Ali foi onde aprendín a escribir en versos e empecei a publicar. Lembrome ben que, na miña época de estadia en Mondoñedo, dirixin tamén unha revista absolutamente manuscrita, feita toda por estudantes"

Durante a súa estadia no Seminario mindoniense escribe os cadernos de poesía *Follas verdes* e *Follas ó aire*. Moitos dos poemas incluídos nestes cadernos verán a luz no libro *Nimbos*, o único libro que publicou.

Unha vez que deixa o Seminario, vai dar clases ó Colexio León XIII de Vila-



garcía de Arousa, onde está Aquilino Iglesia Alvariño con quen coincidira no Seminario de Santa Catarina de Mondoñedo. Alí vai estar sete anos. No ano 1946, participa nos Xogos Frorais de Betanzos nos que acadou o primeiro posto en poesía en castelán coa composición de cento doce versos titulada *El cántico de la ciudad* e

en poesía galega cos sonetos *Nascida d'un soño*. Cómpre salientar que premio de poesía en castelán estaba dotado con mil pesetas e flor natural e o de poesía galega, con cincocentas pesetas e flor natural.

En 1948, despois de licenciarse en Filosofía e Letras, vai para Madrid, onde impartiu clases e exerce de traductor

en diversos Ministerios ata a súa xubilación. O dez de agosto de 1954 casa, en Villarreal de Urretxu, con María Teresa Zubizarreta Bengoetxea, coa que ten tres fillos. A súa muller finou o dezanove de outubro de 1988. Regresa ó seu Guitiriz nativo e alí é recoñecido polos críticos literarios polos estudosos.

de Mondoñedo onde tiveron a sorte de estar con el e facerlle varias fotografías. O pasamento de Díaz Castro ten lugar, no hospital de Lugo, o dous de outubro de 1990.

Díaz Castro só publicou un libro de poemas: **Nimbos**. Ten colaborado en diversas revistas e libros colectivos. Sobre o título do libro dixonos:

"Moitos, incluso críticos, creron que *Nimbos* significaban esas nubes cargadas de auga, que anuncian choiva. *Nimbos* é o nimbo dos santos, a aureola que rodea a cabeza dos santos, unha aureola de gloria. E coma unha aureola que lles poñemos ás cousas para facelas resaltar máis".

A pesar do éxito da crítica que tivo o libro *Nimbos*, Xosé María Díaz Castro só publicou poemas soltos en diversas revistas, entre elas *Amencer*, a revista do Seminario de Mondoñedo, onde viu a luz por primeira vez o poema "Chega o outono", que despois titularía "Canto de outono". Publicou pouco, segundo nos dixo, porque:

"Desde hai bastantes anos son autocrítico, e non me gusta publicar cousas que eu non vexa que teñen a altura suficiente para levalas á imprenta. Isto influíu, o ser esixente comigo mesmo".

De todos os xeitos, aínda que, como queda dito, só publicou o libro *Nimbos* e algúns poemas en xornais e revistas, cómpre dicir que estamos ante un dos mellores poetas galegos e así é recoñecido polos críticos literarios polos estudosos.



DIOCESE

## Año de la caridad

### Presencia y testimonios en las Cáritas de Mondoñedo-Ferrol

Francisco Xavier Martínez Prieto



les, sino porque compartimos el corazón de Cristo en el que habita todo hermano cuya realidad no puede resultarnos ajena. Cuando san Pablo realizó una colecta entre sus comunidades para ayudar a la comunidad madre de Jerusalén no primó tanto la intención de la limosna cuantitativa que se reuniera, sino porque detrás de esa colecta se movía el motor de una excusa palpable y clara para ponerse en unión

y comunión, para sentirse todos en la misma causa, en el mismo barco, para sentirse en fraternidad compartiendo las mismas preocupaciones y luchando por los mismos afanes.

Y aun cuando toda parroquia debe tener un grupo de Cáritas, la caridad no es un hecho exclusivo de ese grupo, sino que todos los bautizados y todos los grupos parroquiales realizan en su ministerio y en su servicio un trabajo

movido por la Caridad y que comparte las mismas inquietudes en la Caridad. Por eso, todos somos responsables en la tarea, y la tarea de la Caridad es una tarea de todos.

La encíclica de Benedicto XVI "Deus Caritas est" nos mostró con profundidad toda esta universalización de la verdadera caridad. Lo hacía citando más de siete veces en ella las Cartas de San Pablo a los Corintios, donde se enseña que la caridad es algo más que una simple actividad: "podría repartir en limosnas todo lo que tengo y aun dejarme quemar vivo; si no tengo amor, de nada me sirve" (cf. 1 Cor 13).

En nuestra diócesis se trabaja en 20 delegaciones que conforman una rica pastoral diocesana, que se realiza con el esfuerzo de muchos agentes que día a día colaboran y comparten un corazón de verdadero amor cristiano. Entre las Delegaciones diocesanas se ubica aquella cuyo cometido se centra propiamente en hacer que ese Corazón lata con vida en medio de la vida de la comunidad. Quizá por este motivo, en el anagrama de Cáritas podemos encontrarnos cuatro corazones que forman una Cruz cristiana, espacio es-

pecial donde descubrimos el amor, y desde el que el amor se hace grande (manifestado en el mayor tamaño de uno de los corazones) para entregarse al mundo como se entregó Cristo por nosotros.

Tal y como se manifiesta en sus estatutos y en la página web de la Diócesis (<http://www.caritas.es/mondonedoferrol/>): Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol es el organismo oficial de la Iglesia en la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol instituido para promover, coordinar, potenciar y orientar la acción caritativa y social de la Iglesia en dicha Diócesis, a fin de expresar la preferencia de la Iglesia por los necesitados y favorecer con ello la fraternidad humana, desde el amor de Cristo.

La red local de Cáritas diocesana Mondoñedo-Ferrol está constituída por 58 Cáritas parroquiales. Iremos desglosando en este espacio el trabajo y presencia de muchas de nuestras Cáritas parroquiales e interparroquiales, así como de muchos testimonios de figuras que pasaron por nuestra diócesis y que con sus vidas dejaron una palabra viva de la Caridad en medio de nuestras comunidades.



## Faragullas

Félix Villares Mouteira

### VIXILIA DE ORACIÓN EN CERVO

A igrexa parroquial de Santa María de Cervo acolleu o pasado día dezasete de xaneiro, ás nove e media da noite, unha vixilia de oración pola verdade, a xustiza e o perdón. Reuníronse unhas cento cincuenta persoas de grupos parroquiais de toda a Mariña e doutras zonas da Diocese, en lembranza das vítimas de Cervo. Cómpre sinalar que unha das falecidas, María José Suárez López, era catequista na parroquia de Cervo e na Unidade Pastoral e profesora de Relixión dos CEIP de de Alfóz e do Valadouro.

### ASEMBLEA DA FRATERNIDADE DE LOURDES

Como vén sendo tradicional o vindeiro día once de febreiro, martes, festa de Nosa Señora de Lourdes, vai ter lugar a Asemblea da Hospitalidade de Enfermos Nosa Señora de Lourdes. O marco que vai acoller esta Asemblea, que dará comezo ás cinco da tarde, vai ser a igrexa parroquial de Santa Ilda de Trasancos. Nesta Asemblea informarase sobre as peregrinacións ós santuarios de Fátima e de Lourdes, previstas, respectivamente, para un fin de semana de maio e para a primeira semana de xullo.

### ESTUDIOS MINDONIENSES

A finais do pasado ano 2013, vía a luz o volume XIX do Anuario "Estudios Mindonienses" que publica o Cabido da Catedral de Mondoñedo e o Centro de Estudos da Diocese

de Mondoñedo-Ferrol. Nas máis de setecentas páxinas recóllense, como imos ver, interesantísimos traballos, moi na liña dos volumes anteriores. Comeza o volume cunha presentación do Bispo da Diocese, monseñor Sánchez Monge. Logo, e Deán da Catedral de Mondoñedo, Enrique Cal Pardo, ofrécenos un amplo traballo sobre os Calendarios medievais da Catedral de Mondoñedo. O recentemente finado Xosé Luis Novo Cazón escribe unha longa colaboración sobre Os outros Raña. Despois aparece un moi interesante e documentado traballo de José Martinho Montero Santalha sobre O xuíz Ramón Pedrosa Andrade, nacido en Adelan no Valadouro. A historiadora ferrolá, Margarita Sánchez Yáñez, publica a primeira parte da Historia de San Sadurniño. O teólogo Benito Méndez Fernández ofrécenos unha introdución á lectura da Presbyterorum Ordinis. No 2013 cumpríronse os cincuenta anos da Domus Ecclesiae e Carlos Manuel Alonso Charlón agasállanos cun amplo traballo sobre o primeiro ano de vida da Domus. Despois José Antonio Alonso Rodríguez e José López Hermida ofrécenos un artigo sobre o castelo de Naraio. Logo aparece un traballo de Pedro Javier González Rodríguez sobre as interesantes pinturas murais que aparecen an capela de San Antón da Cabana en Ferrol. O mosteiro feminino de Santo Estevo de Chouzán e a súa dependencia de Oseira é tratado no artigo de Enriqueta López Morán. Prudencio Viveiro Mogo escribe sobre a Sociedade do Valadouro na Habana.

O teólogo Gonzalo Varela Alvariño danos o agasallo dun interesante traballo sobre a comprensión rahneriana de liberdade. Logo aparece un artigo sobre documentos inéditos sobre a reforma dalgúns mosteiros benedictinos galegos e casteláns (1496-1530), obra de Ernesto Zaragoza Pascual. Juan José Burgoa ofrécenos a bibliografía de Leandro Saralegui e Medina, intendente da Armada e historiador. O derradeiro traballo é un artigo de José Luis López Sangil no que ofrece ós lectores unha relación de libros publicados sobre Galicia no ano 2012. Péchan este volume as recensións de catro libros.

### CONFERENCIAS DE AULA ABERTA EN FERROL

Un ano máis o Arciprestado de Ferrol organiza o tradicional ciclo de conferencias baixo o título de Aula aberta. Están a ter lugar na sé da Fundación Novacaixagalicia na Prazza da Constitución ás oito da tarde. O tema deste ciclo é a situación de Ferrolterra e a resposta da Igrexa-Cáritas. O ciclo deu comezo na tarde do día vinte e nove de xaneiro coa conferencia de Xosé Leira López, profesor titular de Socioloxía na Universidade da Coruña que falou sobre "Ferrolterra. Claves e interrogantes". O mércores, día cinco de febreiro, haberá unha mesa redonda na que intervirán Rosa Martínez, concelleira do Servizo sociais do concello de Ferrol; Roberto Calvo, traballador de Navantia e delegado do Comité de Empresa; Belén Ferrer, ama de casa e María Jesús Casas, volunta-



ria de Cáritas da Unidade Pastoral do Ensanche. A segunda conferencia terá lugar o día mércores, doce de febreiro, na que Víctor Renes da Fundación Foessa e voluntario de Cáritas Española que disertará sobre "Lectura da crise dende a Doutrina Social da Igrexa". O xoves, día trece de febreiro, pecharase o ciclo cun novo relatorio de Víctor Renes que falará sobre "Algunhas claves para unha guía na resposta ante a crise".

### DISTINCION PARA A SEMANA SANTA FERROLÁ

A Semana Santa de Ferrol vén de lograr unha importante distinción: a declaración de Interese Turístico Internacional. En Galicia non hai moito tempo que logrou a mesma distin-

ción a Semana Santa de Viveiro que tamén teñen as de Sevilla e Málaga. Cómpre sinalar que a Semana Santa de Ferrol, que cada ano mobiliza a máis de tres mil penitentes, obtivera no ano 1995 a declaración de Interese Turístico Nacional. Segundo Meca Arcos, presidenta da Coordinadora de Confrarías da Semana Santa de Ferrol, "esta declaración supón unha gran promoción da Semana Santa Ferrolá que impulsará a proxección internacional da cidade, supón dar a coñecer a cidade de Ferrol e os seus problemas, supón ter axudas para promocionar a Semana Santa, supón que se vexa un grupo de cristiáns e cristiánas traballando, volcándose, dun xeito desinteresado, para dar testemuño da fe". Cómpre, pois, felicitarnos por esta distinción.

## La invención de Hugo (USA 2011)



**Dirección:** Martin Scorsese  
**Duración:** 128 minutos  
**Intérpretes:** Jude Law, Asa Butterfield, Chloë Grace, Ray Winstone, Emily Mortimer, Frances de la Tour  
**Distribuidora:** Paramount Pictures  
**Estreño en España:** febreiro 2012.

Basada na novela gráfica de Brian Selznick, cóntase a historia de Hugo, un neno orfo que se adica a conserva-los reloxios da estación do tren de París dos anos 30. Hugo conserva un autómata que podería conter unha mensaxe do seu pai; para amaño, busca pezas soltas e así como se atopa co dono dnha xuguetería, clave para resolve-lo misterio...

É un film máxico visualmente, que consegue chegar ó corazón do espectador cunha historia chea de emoción, onde se ensalza o valor supremo de cada ser humano, da súa función no mundo, da familia, ... É unha historia que contrapón varios mundos, defendendo a humanidade fronte á guerra que destróza a ilusión e convirte ós homes en máquinas. Un film para disfrutalo e non deixar de velo.



dumio

PUBLICACIÓN MENSUAL  
DA DIOCESE DE  
MONDOÑEDO-FERROL

Editores:  
La Voz de Galicia  
Servicio Diocesano de Comunicación

Enderezo Postal  
Apdo. 176 - 15480 Ferrol (A Coruña)

Director:  
Antonio Rodríguez Basanta

Redacción:  
Ana M. Barro  
Javier Martínez  
Concha Quintela  
Antonio Valín  
Félix Villares

Diseño e Impresión:  
La Voz de Galicia

Enderezo electrónico:  
dumio@mondonedoferrol.org

Dumio na WEB:  
www.mondonedoferrol.org  
www.lavozdeg Galicia.es

En Twitter: @mondonedoferrol

En Facebook: www.facebook.com/mondonedoferrol





## DIOCESES



### ARQUIDIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

#### VIII CENTENARIO DA PEREGRINACIÓN DE SAN FRANCISCO DE ASÍ A SANTIAGO

O pasado venres, 17 de xaneiro, a Provincia Franciscana de Santiago celebrou a apertura oficial do VIIIº Centenario da Peregrinación de Francisco de Asís a Compostela.

Na cerimonia, que foi presidida polo cardeal Carlos Amigo Vallejo, estiveron presentes todos os bispos da Provincia Eclesiástica de Santiago e o arcebispo franciscano José Rodríguez Carballo.

Máis aló do interese histórico do acontecemento ou cultural, para os franciscanos do S. XXI, supón a memoria de 800 anos de 'peregrinación', é dicir, vida e camiño compartidos coas xentes deste recuncho do universo coñecido como España, e máis concretamente de Galicia.

### DIOCESE DE LUGO

#### CURSO DE FORMACIÓN MATRIMONIAL

Está claro que a comarca dezana ten un plus ao ser o centro xeográfico de Galicia. As cinco dioceses galegas escolleron a Silleda para acoller o Curso de Formación en Matrimonio e Familia (CFMF), cuxa inauguración tivo lugar días pasados.

Ao redor de 300 persoas, entre matrimonios e fillos, despráronse a Trasdeza para asistir á conferencia que impartiu Xosé Manuel Domínguez, doutor en Filosofía e profesor de Secundaria. Xunto ás familias chegadas de toda Galicia, o curso contou coa asistencia do Bispo de Tui-Vigo, D. Luís Quintero, e do Bispo de Lugo, Alfonso Carrasco Rouco, quen se encargou de presidir a inauguración oficial do CFMF, así como a Eucaristía coa que se deu por terminada a xornada.

A segunda xornada deste curso terá lugar o próximo 15 de marzo, e centrarse no papel da pastoral familiar en canto a camiño de retos e de oportunidades. Ramón Acosta encargárase de explicar esta cuestión. Ademais de médico e odontólogo, é tamén profesor do Instituto Xoán Paulo II. Os relatorios prolongáronse durante todo o ano así como en 2015. A organización conta con actividades para os pequenos mentres os seus pais acoden ao seminario.

#### SENTINELAS PARA EVANGELIZAR

No seu afán por ter presenza entre a mocidade, a diocese de Lugo planea crear grupos de "sentinelas" (centinelas) que acudirán pola noite ás zonas de marcha para convidar a outros mozos a achegarse a unha igrexa na que un equipo de animación ofrecerá música, cantos, charlas ou lecturas. Segundo explica o delegado de Mocidade da diocese, 'non se trata dun movemento dentro da Igrexa, senón dunha realidade que engloba a rapaces que se forman dunha maneira especial para evangelizar de noite na rúa'.

A primeira fornada de sentinelas formouse nun curso que se celebrou en Santiago entre o 24 e o 26 de xaneiro, e no que participaron mozos do cinco diocese de Galicia. "Trátase de convidar, non de discutir nin de entrar en polémicas", avanza o delegado de Mocidade, que recoñece que será unha tarefa non precisamente fácil. A experiencia naceu en Verona, en Italia, e na actualidade funciona en distintas cidades de toda España.

## Axenda

### XORNADA DA VIDA CONSAGRADA

Coincidindo coa festa da Presentación de Xesús no templo, o vindeiro día 2 febreiro, domingo, celébrase a Xornada Mundial da Vida Consagrada co lema "A alegría do Evanxeo na Vida Consagrada". É unha Xornada ten como obxectivos loar e dar grazas a Deus polo don da vida consagrada á Igrexa e á humanidade; promover o seu coñecemento e estima por todo o Pobo de Deus, e invitar a cantos dedicaron por enteiro a súa vida á causa do Evanxeo a celebrar as marabillas que o Señor realiza nas súas vidas. Con motivo desta Xornada haberá unha Eucaristía na Concatedral de San Xiao que presidirá o Bispo da Diocese, monseñor Sánchez Monge.

### CAMPAÑA CONTRA FAME NO MUNDO

O domingo, día nove febreiro, a Organización Mans Unidas celebra a tradicional Campaña contra a fame no mundo, este ano co lema "Un mundo novo, proxecto común". Na campaña deste ano propóñenos reflexionar sobre o obxectivo oito do milenio: Fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento xa que o desenvolvemento dos pobos depende de que se recoñezan como parte dunha soa familia.

### XORNADA MUNDIAL DO ENFERMO

O once de febreiro, festa de Nosa Señora de Lourdes, celébrase a Xornada Mundial do Enfermo co tema "A fe e a caridade: tamén nós debemos dar a vida polos irmáns". O obxectivo desta Xornada é sensibilizar ó pobo de Deus, ás institucións e á sociedade da necesidade de asegurar a mellor asistencia posible ós enfermos; axudar ó enfermo a valorar, tanto no plano humano como no sobrenatural, o sufrimento; facer que as dioceses, as comunidades cristiás e as familias relixiosas se comprometan na pastoral sanitaria; lembrar a importancia da formación espiritual e moral dos axentes sanitarios e favorecer o valioso compromiso do voluntariado.

### CENTENARIO DO NACEMENTO DE DÍAZ CASTRO

Este ano dedícanlle o Día das Letras Galegas ó escritor Xosé María Díaz Castro, que se formou no Seminario Santa Catarina de Mondoñedo onde empezou a publicar os seus versos. O vindeiro día dezanove de febreiro cumprese o cen anos do seu nacemento no barrio do Vilaríño na parroquia de San Vicens dos Vilares (Guitiriz). Con este motivo van celebrarse diversos actos en toda Galicia.

### ASEMBLEA DE DELEGADOS DE MEDIOS

Convocados pola Comisión Episcopal de Medios de Comunicación social da CEE, vai ter lugar en Madrid, do 3 ó 5 de febreiro, a Asemblea de Delegados diocesanos de Medios sobre a labor do Portavoz nas institucións eclesiais e o traballo coas axencias de noticias. O mesmo día 5 farase entrega dos "Premios ¡Bravo! 2013" que terá lugar na Sé da Conferencia Episcopal, destacando o premio "¡Bravo! Especial" para o padre Federico Lombardi, S.J., portavoz da Santa Sé, e o "Premio ¡Bravo! de Cine para a película "Un Dios prohibido", de Contracorriente Producciones.

## Internet y Redes Sociales

Por Carlos Alonso Charlón

### @pontifex... Los tuits del papa Francisco

Enero 2014

Si vivimos la fe en la vida diaria, el trabajo se convierte en una oportunidad para transmitir la alegría de ser cristianos.

Día 21

No nos limitemos a decir que somos cristianos. Debemos vivir la fe, no sólo con las palabras, sino también con obras.

Día 20

Pidamos por la paz, y busquemos construirla, comenzando desde casa.

Día 16

El Señor llama a la puerta de nuestro corazón. ¿Quizás hemos colocado un pequeño cartel que dice: "No molestar"?

Día 13

Ningún anciano debe estar "exiliado" de nuestra familia. Los ancianos son un tesoro para la sociedad.

Día 11

Dejemos un puesto libre en la mesa: un puesto para el que carece de lo necesario, para el que se ha quedado solo.

Día 7

Sigue a la diócesis en Twitter en @mondonedoferrol y en Facebook facebook.com/mondonedoferrol

### #taldiacomohoy... Efemérides diocesanas

4 enero de 1981

#### Ordenación sacerdotal en Ferrol

En la parroquia de San Pedro Apóstol recibió el orden de Presbiterado el diácono Xosé Francisco Delgado Lorenzo, en una celebración eucarística con plena participación de la comunidad cristiana y una especial preparación a cargo de D. Fernando Porta. Presidió el Sr. Obispo, a quien acompañaban el párroco y delegado de Pastoral, D. Manuel Mejuto; el delegado del Clero, D. Gonzalo Folgueira; el rector del Seminario, D. Darío Balea; y sacerdotes de Santiago de Compostela, Salamanca, el arceprelado de As Pontes y otras zonas de la diócesis.

15 enero de 1967

#### Primera misa dominical radiada por la emisora diocesana

El obispo Mons. Jacinto Argaya celebró el domingo 15 de enero a las 10 horas la primera misa retransmitida por la nueva emisora diocesana "Radio Popular", instalada en el edificio de la Domus Ecclesiae de Ferrol.



Emisora diocesana inaugurada en 1967

26 enero de 2003

#### Propuesta de hermanamiento entre Ferrol y Mondoñedo

En el centro parroquial de Vilalba tuvo lugar una reunión en la que se acordó solicitar a las corporaciones de los ayuntamientos de Ferrol y Mondoñedo el hermanamiento entre ambas ciudades y sus respectivas comarcas, apelando a su pasado común, desde hace más de 1.400 años.

*¡No dejes de seguirnos! ¡Vive tu diócesis!*

Cada último Xoves de mes en La Voz de Galicia  
www.mondonedoferrol.org

dumio

Páxinas en galego subvencionadas por:



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

O equipo de redacción de Dumio quere agradecer todas as felicitacións e suxestións que recibiu de moitas persoas e institucións. No noso afán de seguir mellorando, comunicamos ós nosos lectores que estamos abertos a todo tipo de colaboración. Poden facernos chegar as súas aportacións a través do noso enderezo postal ou electrónico.